

**Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo.**  
**Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.**

**Expediente:** IN 408A 2020/25.

**Denominación do proxecto:** Parque Eólico PIAGO e a súa Infraestrutura Eléctrica de Evacuación.

**Promotor:** Naturgy Renovables, S.L.U..

**Asunto:** Solicitud de informe técnico.

## ANTECEDENTES

O 21.06.2021 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural desde o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación un informe sobre o proxecto "PARQUE EÓLICO PIAGO E A SÚA INFRAESTRUCTURA ELÉCTRICA DE EVACUACIÓN" situado nos concellos de Cervo, Xove, Viveiro e O Valadouro na provincia de Lugo.

O 05.11.2021 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia ó Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Lugo un informe para poder dar contestación ao Servizo de Enerxía e Minas.

O 09.11.2021 recibíuse no o rexistro electrónico da Xunta de Galicia o informe remitido polo xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Lugo da Consellería do Medio Rural, no que se informa a compatibilidade sobre o proxecto "PARQUE EÓLICO PIAGO E A SÚA INFRAESTRUCTURA ELÉCTRICA DE EVACUACIÓN", tendo en conta según cita o informe que

"... a superficie onde preténdese instalar o Parque Eólico Picato viuse afectado polo incendio con nº parametrizado 2011270263 e que o artigo 50 da Lei de 21/2015, do 20 de xullo, que modifica o artigo 63 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes, mantén a prohibición de 30 anos para cambio de uso forestal en zona queimada, engadindo que:

- con carácter singular poderá autorizarse dito cambio si viña reflectido con anterioridade en un instrumento de planeamento o en unha Directiva de política forestal.





- con carácter excepcional poderá autorizarse cando concorran razóns imperiosas de interese público de primeiro orden e sempre que se adopten as medidas compensatorias necesarias.”

e condicionado ao cumprimento das prescricións do Estudo de Impacto Ambiental e ao mantemento do establecido para as redes primarias de faixas de xestión de biomasa na lexislación vixente.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 20 bis - Redes primarias de faixas de xestión de biomasa, apartado c), as seguintes obrigas de xestión de biomasa:

*“c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aerogenerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.*

*Así mesmo, nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos 5 metros desde a aresta exterior do camiño. Neste último suposto, non se exixirá a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.*

.....  
*Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluírá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter. “*

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia no seu artigo 59. Cambio de uso forestal establece que:

*“1. O cambio de uso forestal dun monte, cando non viñese motivado por razóns de interese xeral, e sen prexuízo do disposto no artigo 28.2 da presente lei e da normativa ambiental aplicable, terá carácter excepcional, requirindo informe favorable do órgano forestal e, no seu caso, do titular do monte.*

*2. A Administración forestal competente poderá regular un procedemento máis simplificado para a autorización do cambio de uso naquelas plantacións forestais temporais para as cales se solicita unha reversión a usos anteriores non forestais.*

*3. En terreos afectados por incendios forestais, non poderá producirse un cambio de uso en trinta anos. Con carácter singular, poderán acordarse excepcións sempre que, con anterioridade ao incendio forestal, o cambio de uso estivese contemplado:*

*a) Nun instrumento de plan previamente aprobado.*





*b) Nun instrumento de plan pendente de aprobación se xa foi obxecto de avaliación ambiental favorable ou, de non ser esta esixible, se xa foi sometido ao trámite de información pública*

*c) Nunha directriz de política agroforestal que contemple o uso de pastos ou agrícola extensivo en montes incultos ou en estado de abandono que non estivesen arborizados con especies autóctonas.*

## INFORME

En base ó anterior e tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas infórmase FAVORABLEMENTE a realización do proxecto PARQUE EÓLICO PIAGO E A SÚA INFRAESTRUCTURA ELÉCTRICA DE EVACUACIÓN, situado nos concellos de Cervo, Xove, Viveiro e O Valadouro na provincia de Lugo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director xeral de Defensa do Monte  
Manuel Rodríguez Vázquez

